

OFERTA ECOBAS 2021-04:

Convocatoria de contratación temporal de técnico/a de apoio á investigación

Coa fin de cubrir a baixa por maternidade dunha das persoas que constitúen o equipo de xestión de ECOBAS faise necesario contratar, con carácter temporal, **un/a Técnico/a de Apoio á Investigación**.

Tipo de contrato: temporal

Duración estimada: 5 meses

Data estimada de inicio do contrato: 3 de maio de 2021

Retribución: 1.375€ brutos mensuais

Tipo de xornada: a tempo parcial (25 horas semanais)

Lugar de traballo: Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, Campus Lagoas-Marcosende

Traballo a realizar:

O traballo a realizar pola persoa seleccionada irá dirixido a dar apoio á Dirección de ECOBAS nas tarefas de xestión, divulgación e comunicación. De xeito máis específico, algunhas das tarefas a desenvolver serán:

- Redacción e publicación de noticias
- Xestión de redes sociais
- Actualización de páxinas web
- Xestión da comunicación
- Edición de elementos de divulgación e difusión
- Organización de eventos
- Apoio na busca e preparación de convocatorias de financiamento
- Apoio na redacción das memorias e informes de actividade da organización

Requisitos xerais de admisión

Para seren admitidas neste proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán presentar a súa solicitude dentro do prazo establecido nesta convocatoria, e posuír os seguintes requisitos na data de remate do prazo de presentación de solicitudes, manténdoo durante todo o proceso selectivo:



- a) Ser nacional dalgún Estado membro da Unión Europea, cónxuxe ou descendente, segundo o establecido legalmente. As persoas que sexan nacionais de estados distintos dos anteriores poderán tamén participar se se atopan legalmente en España e dispoñen do documento que as habilite para residir e acceder sen limitación ao mercado de traballo. Neste caso, a acreditación realizarase no momento de formalizar o contrato.
- b) Ser maior de idade e non ter acadada a idade de xubilación.
- c) Posuír un título de graduado/a, licenciado/a ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial da súa homologación.
- d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas desta categoría.
- e) Non ter sido obxecto de separación nin estar incurso en inhabilitación nos termos establecidos pala Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público.

Requisitos específicos

- Dominio do castelán e do galego
- Nivel alto de inglés (deberá poder ser acreditado mediante o certificado de nivel B2 ou superior da táboa de certificacións da Unión Europea e/ou na entrevista persoal)
- Experiencia demostrable e/ou formación en divulgación e comunicación
- Experiencia demostrable e/ou formación en deseño de material gráfico
- Dominio das redes sociais
- Manexo fluído das ferramentas informáticas básicas (procesadores de texto, presentacións, follas de cálculo...)
- Habilidades comunicativas

Proceso de selección

Realizarase en base á información recibida, aplicándose a seguinte valoración:

- Currículo e expediente académico – 30%
- Experiencia laboral – 30%
- Entrevista persoal – 40%

Comisión de avaliación

O proceso selectivo será resolto por unha comisión formada por membros da Dirección e do equipo de xestión de ECOBAS.

Presentación de candidaturas

1. Para tomar parte neste proceso de selección deberase cumprimentar o [formulario de recursos humanos](#) na páxina web de ECOBAS, indicando a referencia 'ECOBAS 2021-04' e seleccionando o perfil laboral 'Xestor'. Xunto co formulario achegarase, a través da propia aplicación, un CV detallado e unha carta de presentación, todo nun único documento en formato PDF, cunha extensión máxima de 3 páxinas. As candidaturas que non se axusten a estes parámetros non serán tidas en conta. Durante o proceso de selección, os/as candidatos/as poderán ser requiridos/as para aportar xustificantes dos méritos que figuran no seu CV.
2. As persoas que resulten seleccionadas serán convocadas para realizar unha entrevista persoal.
3. O prazo de envío de candidaturas rematará o **8 de abril de 2021 ás 23.59h.**
4. O resultado da selección publicárase en forma de listado, indicándose a persoa seleccionada e as persoas en reserva.

En Vigo, a 29 de marzo de 2021

